

Enrique X. Macías, a creación é un xesto total e totalizador

Universo Macías

Auditorio Martín Códax, Vigo, 7 novembro de 2020

Intervención de Manuel Bragado

Hai vinte e cinco outonos que o músico vigués Enrique X. Macías decidiu abandonarnos. Tras moitos anos de esquecemento e confusión, abonda por consultar a wikipedia onde nunha nota breve até aparece errado o seu nome e o seu lugar de pasamento, por ventura, son cada vez mais numerosas as iniciativas para recuperar e estudar o seu legado artístico. Hai apenas dous anos participabamos nas Xornadas de Música Contemporánea de Compostela, unha das súas iniciativas de promoción da música contemporánea. Agora este oportunísimo Universo Macías, ao fío da Vertixe Sonora, o VIII Festival de Creación Musical Contemporánea, a pensar da covid19 que pon en risco a cultura, permite volver a interpretar a Macías na súa cidade, ao tempo que ofrece olladas sobre quen foi unha das grandes figuras da cultura galega da segunda metade do século XX.

Con todo, é ben triste que despois de vinte e cinco anos, a figura de Enrique permanecese apenas como unha sombra na memoria das súas amizades e unha nota a pé de páxina dalgunhas das poucas historias da música galega.

Eu non son músico nin estudoso do feito musical contemporáneo. A miña testemuña aquí non é outra de quen garda as lembranzas e as vivencias do amigo co que compartiu tantas horas de azos e de esperanzas.

Coa intención de dicir algo con sentido neste serán, acudín ao meu arquivo de textos onde gardo os fíos da memoria, que Enrique

consideraba como o vencello que soporta a traxectoria persoal e cultural. Fíos que me devolveron o recordo do seu sorriso optimista nos días de estrea, da súa mirada melancólica, presente nos retratos que lle fixera Xurxo Lobato, do seu talante vitalista e curioso nas longas conversas que compartimos como membros da Xeración *Polycommander*, viguesiños nados a finais dos cincuenta, sempre interesados polas novidades da abella da ribeira, a nosa cidade amada.

Contemporáneo dos membros de Rompente e de Atlántica, Enrique participou nas primeiras performances plásticas, musicais e literarias artelladas por aquel grupo inqueda de novos creadores no desaparecido Sachtmo, un local situado na rúa «Finisterre», que foi unha das covas da modernidade viguesa no remate dos anos setenta. Mañán Romón, Reixa e Patiño lembrarán aquel interludio interdisciplinar, anterior aos tempos da movida.

Dende mozo, xa posuía a presenza sedutora do artista refinado e apaixonado. Gostaba da conversa repousada e vagarosa na súa casa de García Barbón, acompañado de María, rodeado de cadros das amizades, como os de Carlos Maño, que lle prepararía as imaxes dos seus últimos discos, ou daquelas táboas de Menchu Lamas, milleiros de fitas, discos, libros, e das caixas coas partichelas das súas obras.

Cando regresaba das súas estadias en París, Ámsterdam ou Torino, onde era recoñecido como un dos máis prometedores compositores europeos, chamaba aos amigos para saber das novas dun país que amaba e que, en moi contadas ocasións recoñeceu e apoiou o seu traballo. Eu pasmaba escoitándoo falar por teléfono, ora en italiano, logo en inglés, despois en francés ou en requintado portugués, que dominaba con precisión e elegancia. Preguntaba sempre por Xerais, polos nosos proxectos, entre os que sempre estivo preparar un libro de conversas que finalmente nunca chegamos sequera a comezar.

Enrique viviu a soidade do creador de fondo, entre a incompreensión dos seus coetáneos e o seu permanente compromiso persoal coa contemporaneidade.

Estes días volvín lembrar aquelas tardes compartidas, a carón do vello piano, no que gustaba facer brincar a nosa María, cando esta aínda non dera os primeiros pasos. Lembrei as nosas camiñadas ata Solla, a dozaría da rúa Uruguai para mercar unha lingua queimada e os queiques de froitas confeitadas, polos que, larpeiro coma min que era, tanto devecía, o mellor acompañamento que coñeciamos para preparar o noso té do serán, un eufemismo dunha merenda en toda regra, onde a ser posible non debía faltar unhas lascas de queixo gorgonzola ou de gauda con comiños. Herdamos de Enrique a receita preferida do noso té: dúas culleradas de Darjeeling, considerado o champán do tés, e outra dun té escuro para a teteira, preferiblemente Early Grey, que está aromatizado con aceite de bergamota. Probádeo e quedaredes marabillados.

Non esquezo, tampouco, as visitas dos sábados á vella panadería de Reboreda en Urzáiz (hoxe desaparecida) para procurar unhas pezas únicas de pan centeo da que era moi comedeiro. Ou aqueloutras á tinturaría de Camelias, ao Perrete a mercar *Le Monde*, ao estanco de Príncipe para recoller o cartón de Pall Mall ou as citas co noso amigo Luís Noya, no prelo de Numen en Velázquez Moreno, onde lle preparaban os programas e libretos dos seus concertos.

Lembrei a longa conversa na que me contara como o marcou sendo un rapaz escoitar por vez primeira a *Sinfonía Fantástica* de Berlioz nun concerto da Orquestra do Capitole de Toulouse, celebrado no García Barbón, ou a fascinación que sentía por Sibelius, pola *Sonata nº 32* de

Beethoven, pola *Arte da fuga* de Bach, polo *Requiem* de Györgi Ligeti ou polo *Reponse* de Pierre Boulez, algunhas das súas pezas preferidas. Lembrei, tamén, aquel día feliz do concerto en Vigo de *Les adieux* e *Nobilissima Visione II/Postludios*, obras interpretadas polo seu amigo o pianista Roberto Bollea, co que mantíña un estreito vencello creativo. Recordei que quedara satisfeito, cando os dous presentáramos a estrea de *Itinerario de luz*, no Centro Galego de Arte Contemporánea, o 13 de abril de 1995 diante de mais dun cento de persoas. Vaia atrevemento, tratándose dun concerto de música contemporánea!

Como lembrei aqueloutra noite memorable do maio de 1987, hai xa mais de trinta anos, cando lle outorgaron o Premio da Crítica de Galicia no apartado de música. Enrique, á hora de agradecer o premio, leu un fermoso texto onde citou a René Char, un dos seus poetas preferidos, para sinalar a rebeldía como un dos sinais de identidade do creador. No mesmo acto –no que tamén foron premiados os escritores Suso de Toro e Manuel Rivas– Antón Costa, voceiro de Nova Escola Galega, solicitou a democratización do Consello Escolar Municipal de Vigo. Aquelas intervencións anoxaran moito a Manuel Soto, o alcalde da cidade, que considerou que o concello non debería subvencionar uns premios que servían para que os gañadores criticasen a súa política. Enrique lembroume moitas veces o sucedido aquela noite, como exemplo da concepción utilitarista que algúns políticos posúen con respecto á creación cultural. Viviu dolorosamente esta incompreensión que moito o desanimaba.

De formación musical autodidacta, Macías dérase a coñecer en 1976 participando no Iº Encontro de Artistas Xoves, organizado por Xuventudes Musicais de Vigo, que animaba o incansable Manolo Álvarez, onde presentou as súas *Sete micropezas para piano*. Dende aquela traballou arreo na composición, procurando alén das nosas

fronteiras os medios e os recursos que precisaba para desenvolver o seu traballo creativo.

Mercedes Rosón, alma mater ao longo de tres décadas das Xornadas de Música Contemporánea de Compostela, un espazo de encontro para varias xeracións de compositores e intérpretes, recuperou no programa da edición de 2018 dedicada a Macías con motivo do 60 aniversario do seu nacemento, un fragmento moi significativo da derradeira carta que dende Bruxelas lle enviara o propio Enrique: «Na espera de beber algo xuntos deixando entrar o sol pola galería do Auditorio de Galicia, onde soño, poesía e vida se mesturan, e signifiquemos xuntos que a creación é un xesto total e totalizador».

E abofé que ao longo de dúas intensas décadas de traballo compositivo, Enrique X. Macías foi un creador total que utilizando os diversos recursos da creación sonora expresou a palpitación do existir nunha reflexión sempre autoesixente que o levou a renovar unha e outra vez a súa obra, tanto no que se refería a súa temática e preocupación estética como aos propios medios que empregaba, sen menoscabo do seu interese polas posibilidades creativas dos instrumentos tradicionais.

Os que tivemos a fortuna de gozar da amizade de Enrique X. Macías sabiamos que concibía a súa obra como unha tarefa inacabada, un proceso en permanente construción. Actualizaba decote o seu catálogo autoral, retirando os títulos que consideraba superados ou non representativos, e cando escribía unha nova obra, apurado polos prazos e as dificultades de produción das estreas (tarefa da que se ocupaba con paixón), sabía que non estaba aínda rematada.

O de Enrique foi un proceso creador nunca totalmente concluído, que no fresco sinfónico de «Exequias» (1992-94), amosa ese estado de

procura, de inquietude, de rebeldía, como foi toda súa vida, apenas 37 anos. De aparencia fráxil, Enrique posuía esa forza interior, esa coraxe que lle permitía manter a súa ambición creativa contra vento e marea, por riba das incomprensións no seu propio país, froito en boa medida da mediocridade e do conformismo do tempo que lle tocou vivir. O seu percorrido vital foi a viaxe solitaria dun heterodoxo, dun explorador do coñecemento, mais tamén dun artista profesional responsable do rigor da súa obra e das consecuencias disto para súa propia vida.

Macías moveuse pola fe inquebrantable no seu traballo creativo, pola convicción de ser consecuente co logro dunha linguaxe musical persoal, nacida dunha reflexión inédita sobre a arte dos sons, que asumía diante do público todos os riscos.

Lector teimoso de poesía, seguía o pulso da xeración dos autores dos oitenta, aburríalle a novela, o que lle permitía manter un diálogo permanente co seu tempo, tenso, desacougado, ás veces incomprendido, nese estado de permanente procura, de busca, de creación, de perfección que expresa o verso de Mendiño, «cercáronme as ondas grandes do mar», que el tanto amaba.

Volver escoitar estes días a súa obra en Vigo é unha posibilidade de atopar o celme dun xenio irrepertible.

Grazas.